

ASUNTO PLE/2023/00042113G

ACTA NÚM. 17 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA ONCE DE OUTUBRO DE 2023.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **08:30 horas** do día **11 de outubro de 2023**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria urxente.

ASISTEN:

Dona Goretti Sanmartín Rei, Alcaldesa-Presidenta

BNG

Dona Míriam Louzao Fernández
Don Xesús Domínguez Domínguez
Dona Pilar Lueiro García
Don Manuel César Vila
Don Iago Lestegás Tizón

CA

Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

PP

Don Borja Vereza Fraiz
Dona María Baleato González
Dona Yolanda Otero Balsa
Don José Antonio Constenla Ramos
Dona Olaya Otero Sanjurjo
Don José Ramón de la Fuente Rodríguez
Don Evaristo Ben Otero
Dona María Rosario Ferreiro Varela
Don Adrián Villa Torres
Don Borja Rubio Somoza

PSdeG-PSOE

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona Marta Abal Rodríguez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Álvarez Vázquez.

Don Juan Ramón González Carnero, interventor municipal.

José Manuel González García, secretario xeral do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste a concelleira Dona Nerea Barcia Guldrís.

ORDE DO DÍA:

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: **2023/00042113G.**
Ratificación da urxencia da sesión.

2. PLANEAMENTO. Referencia: **2022/00042695S.**
Aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías no sistema xeral SU-3 (Tambre Norte).

3. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: **2023/00033906P.**
Aprobación da Conta Xeral do ano 2022.

4. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: **2023/00040638R.**
Aprobación do expediente de crédito extraordinario nº 2023-CREXT-07 de importe 12.000,00 euros financiado con baixas por anulación e de modificación de subvención nominativa do exercicio 2023.

5. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: **2023/00040834J.**
Ratificación do acordo da Xunta de goberno local “Bonificación canon 2023 Sogama”.

Cumpriméntase así:

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: **2023/00042113G.**
RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes ratifica a urxencia da sesión.

2. PLANEAMENTO. Referencia: **2022/00042695S.**
APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS (PEID) PARA A CREACIÓN DUNHA PLATAFORMA LOXÍSTICA DE INTERCAMBIO DE MERCADORÍAS NO SISTEMA XERAL SU-3 (TAMBRE NORTE).

A proposta é do seguinte teor literal:

Con data 2 de outubro de 2023, o Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística emitiu o seguinte informe-proposta, en relación co Plan especial de infraestruturas e dotacións para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías no sistema xeral SU-3 (Tambre Norte):

“ANTECEDENTES

O Plan especial fórmase de oficio polo Concello de Santiago a través dun equipo técnico contratado ao efecto (Alfonso Botana S.L)

1. Planeamento e normativa aplicable

Os terreos afectados emprázanse ao noroeste do polígono industrial do Tambre, e forman parte dun ámbito cualificado no Plan xeral de ordenación municipal (PXOM)

como sistema xeral de servizos urbanos (SU-3)¹. O PXOM cualifica o SU-3 como dotación pública integrada na estrutura xeral e orgánica do territorio municipal, co carácter de elemento determinante do desenvolvemento urbano (artigo 52.f da LSG).

Os terreos afectados polo plan especial teñen a clasificación urbanística de SOLO URBANIZABLE, e atópanse incluídos dentro da área de solo urbanizable NON DELIMITADO SUND-30 (Polígono do Tambre Norte).

O SUND-30 non conta con planeamento de desenvolvemento aprobado, polo que tampouco foi delimitado o sector ou sectores que van ser obxecto de transformación. Así, mentres non se sectorice e ordene a través dos respectivos plans parciais, o PXOM dispón a aplicación do réxime do solo rústico (artigo 79.13 do PXOM).

A lexislación do solo de Galicia admite en solo rústico as “*construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos e privados*” (artigo 35.1.p da LSG), mediante a previa aprobación dun *plan especial de infraestruturas e dotacións* (artigo 51.4 do Regulamento da LSG, RLSG).

Sen prexuízo do anterior, no solo clasificado como urbanizable que non teña aprobada a súa ordenación detallada poderán executarse construcións mediante a aprobación dun plan especial de infraestruturas (artigos 28.2 da LSG e 42.2 RLSG).

Polo tanto, a construción de equipamentos e infraestruturas é un suposto excepcional de execución directa ou asistemática de dotacións (artigo 237.2 RLSG), tanto en solo rústico como en solo urbanizable. Ademais, no solo urbanizable non delimitado ou non sectorizado non existe ningunha previsión temporal para o seu desenvolvemento urbanístico, polo que é habitual recorrer á figura do plan especial cando sexa preciso executar os sistemas xerais previstos no plan xeral de xeito anticipado e independente da transformación do solo urbanizable.

En todo caso, e de conformidade co previsto nos artigos 107.3, 177 e 183 do Regulamento, a ordenación detallada dos sistemas xerais pode sempre realizarse a través dun plan especial de infraestruturas e dotacións, en calquera clase de solo e con independencia de que estea ou non prevista a súa redacción no planeamento xeral.

2. Obxecto e contido do plan especial

O plan especial establece a ordenación detallada da peza do sistema xeral SU-3 delimitada no PXOM e incluída no ámbito do SUND-30, co obxecto de permitir a construción dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías no contorno das instalacións de Mercagalicia, ao noroeste do polígono industrial do Tambre.

Segundo a lexislación do solo de Galicia, o plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) é o instrumento idóneo para definir a implantación de dotacións públicas en calquera clase de solo, debendo asegurar a súa correcta integración no contorno, a súa funcionalidade e accesibilidade universal.

¹ Unha parte do sistema xeral SU-3 ten a clasificación de solo urbano e conta xa cun Plan especial aprobado no ano 2000, incorporado ao PXOM pola disposición final 6ª.

O ámbito obxecto de ordenación abrangue unha superficie total de 78.032,89 m², que se divide en dúas fases ou etapas de execución.

O PEID define dúas áreas de movemento da edificación (AME), os espazos libres de edificación (ELP), e un *área de amortecemento* na que se preservará o estado natural dos terreos (TN-AA).

A aprobación definitiva do plan especial habilita a execución directa das obras de construción dos equipamentos e das infraestruturas asociadas, sen necesidade de agardar ao desenvolvemento do sector de solo urbanizable (SUND-30), pois así o permiten expresamente os artigos 42.2 e 227 do RLSG.

Ademais, ao se tratar dun sistema xeral, a súa delimitación e cualificación vén efectuada polo PXOM, podendo aplicarse calquera dos procedementos previstos no artigo 129.3 da LSG para obter as dotacións de sistema xeral.

A aplicación do procedemento de expropiación forzosa resulta así habilitada polo artigo 129.3 da LSG, en relación co 16.3.b) do PXOM, que prevé expresamente a expropiación para executar os sistemas xerais ou algún dos seus elementos.

A execución anticipada da fase 1 do sistema xeral a través do sistema de expropiación forzosa xustifícase en razóns de urxencia e excepcional interese público, que demandan obter parte do sistema xeral coa maior celeridade posible co fin de poder cumprir en prazo o programa de actuacións previstas.

O plan especial presentado reúne o contido e nivel de determinacións axeitados á súa finalidade, consonte ao regulado nos artigos 183 e 184 do RLSG, e nas Normas técnicas de planeamento:

- Memoria informativa e xustificativa, que inclúe tamén o Estudo da paisaxe e a Análise da mobilidade.

- Relación das parcelas catastrais afectadas

- Normativa urbanística: Ademais das normas xerais de edificación e de urbanización, defínense dúas ordenanzas reguladoras:

- *A O-1, destinada a albergar a edificación e os espazos libres de parcela.

- *A O-2, ou *zona de amortecemento*.

- Trazado da rede viaria e de servizos que darán servizo á nova edificación: O acceso á plataforma realizarase dende o viario existente (rúa da Cierva), que conta xa cunha sección de 12 metros entre aliñacións, e que deberá ser obxecto de obras de urbanización. No plan especial prevense tamén actuacións na rede de servizos urbanos, que se concretarán nos futuros proxectos de desenvolvemento de acordo coas indicacións das empresas subministradoras e dos servizos técnicos municipais.

- Estudo económico-financeiro: Integra a avaliación económica da execución dos servizos, infraestruturas e dotacións -incluído o custo de obtención dos bens e dereitos que son de necesaria ocupación-, así como a memoria de sostibilidade económica. A

maior parte das actuacións financiaranse con recursos procedentes das axudas dos fondos *Next Generation*.²

- Execución do plan: Defínense dúas fases ou etapas tanto para obter os terreos afectados, como para executar as obras de edificación e urbanización.

3. Informe ambiental estratéxico

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, emitiu o preceptivo Informe ambiental estratéxico (IAE) mediante Resolución asinada o 7 de decembro de 2022 (publicada no DOG o 4 de xaneiro de 2023)

No trámite de consultas ambientais emitiron informe a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e o Instituto de Estudos do Territorio. No informe asinado polo arquitecto xefe do Servizo de Planeamento xustifícase o cumprimento das cuestións sinaladas nos dous informes autonómicos, así como a suficiencia dos servizos urbanísticos existentes no Polígono do Tambre para dar servizo ás novas edificacións proxectadas no ámbito do Plan especial. En todo caso, os proxectos de desenvolvemento concretarán as actuacións de ampliación e conexión que sexa preciso efectuar para cumprir as indicacións das empresas subministradoras.

4. Resultado do trámite de participación pública

En aplicación do procedemento regulado nos artigos 75.1 da LSG e 186.1 do seu Regulamento, o Plan especial aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o 26 de decembro de 2022, e someteuse a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal *La Voz de Galicia* o día 13 de xaneiro de 2023. Simultaneamente practicouse notificación persoal aos propietarios dos terreos afectados segundo figuran no Catastro, e publicouse edicto no Boletín Oficial do Estado do 12 de xaneiro de 2023.

Durante o trámite de participación pública formuláronse dúas alegacións, que foron obxecto de análise e resposta motivada no acordo de aprobación provisional adoptado pola Xunta de Goberno o 26 de maio de 2023, como de seguido se transcribe:

1. Dona Asunción Nieto Otero, herdeira de dona Pilar Otero Suárez, que figura no Catastro como propietaria da parcela 15079A505112420000FW, alega que esta parcela é propiedade da súa irmán Isabel Nieto Otero.

Comprobouse que dona Isabel Nieto Otero consta notificada no expediente, debendo as persoas interesadas de instar, se o estiman necesario, a correspondente rectificación catastral.

2. Don Luis Antonio Penido López, en representación da mercantil TRATAMIENTO MEDIOAMBIENTAL DE VEHÍCULOS S.L. (TRAMEVE) solicita a exclusión da parcela do ámbito do Plan especial, ou, de forma subsidiaria, que se declare a compatibilidade da edificación existente e da actividade

² Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, convocado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda urbana.

A situación legal da edificación existente na parcela é de fóra de ordenación segundo o artigo 90.1 da LSG, ao atoparse nun solo cualificado polo PXOM vixente como dotación pública.

A delimitación e cualificación do solo de sistema xeral é unha determinación estruturante reservada ao plan xeral. Polo tanto, o plan especial non pode alterar a cualificación dos sistemas xerais, nin establecer determinacións contrarias á ordenación do sistema xeral de dotacións públicas.

A parcela está destinada a integrarse no dominio público, podendo obterse por expropiación, ou por cesión no futuro desenvolvemento do SUND-30. Posto que a parcela non se atopa dentro da fase 1 de execución do plan especial, é probable que a edificación se manteña ata que se desenvolva o SUND-30, e os propietarios perciban a compensación que lles corresponda -en terreos edificables e/ou en metálico- no futuro desenvolvemento urbanístico do solo urbanizable.

5. Informes sectoriais

Para os efectos do previsto na disposición adicional 2ª da Lei 13/2003 remitiuse o plan á Delegación do Goberno en Galicia, a fin de que emitisen informe os órganos da administración estatal cuxas competencias puideran resultar afectadas pola ordenación do plan especial.

No expediente constan os seguintes informes sectoriais:

- Informe da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, de data 23.02.2023, sinalando que o plan especial non implica ningunha afección ás estradas estatais.
- Informe favorable da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e infraestruturas dixitais, de data 23.02.2023.
- Informe favorable do Ministerio de Defensa emitido con data 29.03.2023.
- Informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, de data 13.02.2023.
- Informe favorable da Dirección xeral de Aviación Civil, emitido o 25.05.2023
- Informe favorable emitido o 30.06.2023 polo organismo autónomo Augas de Galicia, “condicionado á resolución favorable da concesión de augas para o abastecemento municipal, en tramitación no expediente de clave DH.A15.70793, cun caudal suficiente para satisfacer o abastecemento de poboación máis a demanda estimada para o novo desenvolvemento”

É preciso considerar que a dispoñibilidade -física e xurídica- de recursos hídricos configúrase como un requisito necesario para a aprobación do planeamento xeral, pero non para a dos plans de desenvolvemento. Así resulta do disposto na normativa aplicable (artigos 22.3.a do Texto refundido da lei do solo, e 25.4 do Texto refundido da lei de augas), e así o ten declarado a STS 3172/2021, relativa a un plan especial de control de usos dun edificio:

(...) Ahora bien, en la medida que la disponibilidad de recursos hídricos ha de constituir una exigencia del planeamiento general, cuando en los planes de

desarrollo no exista una previsión de un aumento de recursos hídricos de los que ya estuvieran previstos en aquel planeamiento, deja de tener sentido ese informe porque "si la finalidad del informe del Organismo de Cuenca es garantizar la existencia y disponibilidad de agua; deberá concluirse que esa garantía ha de calcularse en términos generales y no particularizando las distintas zonas de desarrollo del planeamiento general, sino para toda la ciudad, es decir, para todas las previsiones del planeamiento general; entre otras cosas porque sería inútil ese cálculo parcial, en cuanto pueden existir zonas con aumentos y otras con disminución, lo que obligaría a una casi imposible determinación, nunca definitiva, en el cálculo del agua que el Organismo de Cuenca debe prever para el abastecimiento de poblaciones, que es un uso preferente (artículo 60 del TRLA)...

(...) Lo que se quiere concluir es que la población a que atiende el planeamiento ha de quedar fijada en el planeamiento general y que respecto de este es como ha de garantizarse la existencia y disponibilidad de los recursos hídricos, por lo que será en relación a este planeamiento general, y atendiendo a sus previsiones como ha de obtenerse esa información de los Organismos de Cuenca, que el cuestionado informe comporta. Por tanto, será el planeamiento general el que requiere dicho informe." Teniendo en cuenta las anteriores consideraciones es indudable que la concurrencia ocasional de una población de una cierta entidad, como acontece en el caso de autos, no puede suponer un aumento de recursos hídricos respecto de las previsiones generales de una ciudad de más de tres millones de habitantes, por lo que no era preceptivo el informe del Organismo de Cuenca. De lo expuesto ha de concluirse, a los efectos de la interpretación de la cuestión casacional objetiva, que "en el supuesto de planeamiento de desarrollo no se requiere el informe de la Confederaciones Hidrográficas, en la medida que, cuando se trate de uso residencial, no existe un específico aumento de población por encima de las previsiones que ya se contemplen en el planeamiento general."

O plan especial desenvolve unha actuación illada de dotación de sistema xeral prevista no PXOM vixente; non conleva a transformación da área de solo urbanizable (SUND-30) na que se insiren os terreos afectados, nin comporta aumento de poboación; a súa incidencia na actual situación de dispoñibilidade de recursos hídricos é irrelevante, posto que o caudal estimado para abastecer a dotación é de 1,30 m³/día. Ademais, nos informes técnicos emitidos xustifícase que a actuación proposta non obriga a incrementar o caudal empregado na actual captación da ETAP do río Tambre, posto que nos proxectos de execución do plan especial se implantarán sistemas de drenaxe sustentable e outros mecanismos que reducirán o actual consumo de auga.

En calquera caso, e para os sos efectos de entender cumprida a condición sinalada no informe de Augas de Galicia, con carácter previo ao inicio das obras de construción do equipamento xustificárase a obtención do preceptivo título concesional.

6. Informes das empresas subministradoras de servizos

Remitido o plan especial a informe das empresas subministradoras de servizos, constan os emitidos por UFD Distribución Electricidad S.A., VIAQUA, R CABLE Y TELECOMUNICACIONES, ELECENOR (Orange/Jazztel), así como o da empresa adxudicataria do servizo de mantemento de alumado público (FERROVIAL).

Non consta a emisión dos informes solicitados a NEDGIA e TELEFÓNICA, podendo continuarse o procedemento ao ter xa rematado o legalmente establecido.

Á vista do informe de VIAQUA, os arquitectos municipais informaron da necesidade de incluír no plan especial concretas determinacións sobre o tratamento das augas pluviais, a considerar nos proxectos de desenvolvemento. O artigo 67 do PHGC esixe que as novas áreas que se urbanicen inclúan sistemas de drenaxe sustentable (uso de pavimentos permeables, tanques ou dispositivos de tormenta, etc.), a fin de garantir a compensación do eventual aumento de escorrenta. Así mesmo, deberá minimizarse a selaxe do solo empregando pavimentos filtrantes e interpoñendo espazos verdes e sen pavimentar (artigo 68 PHGC).

Con todo, é preciso lembrar que o plan especial ten un ámbito de actuación limitado á zona de ampliación do sistema xeral (SU-3), de maneira que a edificación proposta se serve das redes de servizos urbanos xa existentes no polígono do Tambre, sen que sexa preciso realizar actuacións de nova urbanización.

7. Aprobación provisional

Con data 26 de maio de 2023 a Xunta de Goberno aprobou provisionalmente un documento reformado do Plan especial que integra as emendas requiridas no acordo de aprobación inicial, así como outras cuestións relativas ao tratamento das augas pluviais, a considerar nos futuros proxectos de desenvolvemento, e afeccións sectoriais.

Posteriormente, e a resultas do informe emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio, elaborouse un novo documento reformado que se aprobou provisionalmente pola Xunta de Goberno o 7 de agosto de 2023. No acordo adoptado descríbense as emendas realizadas co obxecto de dar estrito cumprimento ao informe autonómico. As reformas introducidas non teñen carácter substancial, sendo meras clarificacións ou axustes derivados do cumprimento das condicións aplicables do réxime legal do solo rústico (aplicable por remisión segundo o artigo 79.13 do PXOM)

Con data 28 de setembro de 2023 obtívose o informe favorable da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Con data 29.09.2023, o equipo redactor presentou o documento de aprobación definitiva, cuxo contido é idéntico ao do aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local o 7 de agosto de 2023.

CONSIDERACIÓNS

8. Procedemento e órgano competente

O procedemento aplicable para a aprobación do plan especial é o regulado nos artigos 75.1 da LSG e 186.1 do seu Regulamento. Ao se tratar dun plan especial *non previsto* no plan xeral, antes da aprobación definitiva obtívose o informe favorable da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, segundo esixe o apartado e) dos artigos citados.

O **órgano competente** para adoptar o acordo de aprobación definitiva é o Pleno municipal, por maioría simple, consonte ao disposto no artigo 123.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local -LBRL-)

PROPOSTA

9. Proposta de resolución

Con base nas consideracións anteriores, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Aprobar definitivamente o *Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías no sistema xeral SU-3 (Tambre Norte)*, formulado de oficio polo Concello de Santiago, segundo o documento presentado o 29 de setembro de 2023.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o plan especial no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Con data 5 de outubro de 2023, a Comisión Informativa de Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos emitiu un ditame favorable á proposta contida no informe anteriormente transcrito.

O documento que se somete a aprobación é o presentado polo equipo redactor o 4 de outubro de 2023, que rectifica un erro detectado no plano PORD 06.4.

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno da Corporación, adoptar o seguinte acordo:

Aprobar definitivamente o Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías no sistema xeral SU-3 (Tambre Norte), formulado de oficio polo Concello de Santiago, segundo o documento presentado o 4 de outubro de 2023.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o plan especial no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos do pasado día 5, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE

(6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, acorda:

Aprobar definitivamente o Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías no sistema xeral SU-3 (Tambre Norte), formulado de oficio polo Concello de Santiago, segundo o documento presentado o 4 de outubro de 2023.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o plan especial no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

3. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023/00033906P. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ANO 2022.

A proposta é do seguinte teor literal:

“A conta xeral correspondente ao exercicio de 2022 foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, na súa sesión extraordinaria do día 18 de setembro de 2023, e publicada no BOP número 179 do día 19 do mesmo mes, e durante o período de exposición non se formularon reparos nin observacións a ela.

Os estados consolidados acompañan á Conta Xeral, polo menos, cando esta se someta a aprobación do Pleno da Corporación, tal e como establece o artigo 209.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Visto o artigo 212, apartados 4 e 5 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2022, así como os estados consolidados que comprenden as seguintes entidades:

Concello de Santiago de Compostela.

Organismo Autónomo Auditorio de Galicia.

Sociedade Municipal Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA).

Sociedade Municipal Xestión de Transporte Urbano de Santiago S.A. (TUSSA).

Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras M.P. S.L. (UNINOVA).

Mercados Centrales de Abastecemento de Santiago (MERCAGALICIA).

Fundación Refuxio de Animais.

Fundación Eugenio Granell.

Segundo. Render a Conta Xeral e os estados consolidados ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, nos termos establecidos no artigo 212.5 do TRLRFL e restante normativa de aplicación.”

O Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, acorda:

Primeiro. Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2022, así como os estados consolidados que comprenden as seguintes entidades:

Concello de Santiago de Compostela.

Organismo Autónomo Auditorio de Galicia.

Sociedade Municipal Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA).

Sociedade Municipal Xestión de Transporte Urbano de Santiago S.A. (TUSSA).

Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras M.P. S.L. (UNINOVA).

Mercados Centrales de Abastecemento de Santiago (MERCAGALICIA).

Fundación Refuxio de Animais.

Fundación Eugenio Granell.

Segundo. Render a Conta Xeral e os estados consolidados ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, nos termos establecidos no artigo 212.5 do TRLRFL e restante normativa de aplicación.

4. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023/00040638R.
APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2023-CREXT-07 DE IMPORTE 12.000,00 EUROS FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN E DE MODIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA DO EXERCICIO 2023.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vista a solicitude presentada pola concelleira delegada Deportes, Relacións Veciñais, Festas, Rural e Unidade Municipal de Atención a Drogodependencias (UMAD), con data 26 de setembro de 2023, en base ao manifestado polo técnico de

programación e xestión deportiva, responsable administrativo do centro xestor 30 Deportes.de solicitude de tramitación dun expediente de aprobación de subvencións nominativas e de crédito extraordinario.

2. Vista a existencia de crédito para financiar un crédito extraordinario, segundo a cesión de crédito manifestada polo propio CX 30 Deportes

3. Vista a providencia de incoación do expediente asinada polo Concelleiro delegado de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local en data de 09.10.2023.

5. Visto a existencia no expediente dunha operación contable RC que financia o crédito extraordinario.

6. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria asinado con data de 09.10.2023 e con número de referencia 127/2023.

7. Visto o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de crédito extraordinario e de modificación do estado de gastos do capítulo IV do orzamento municipal do exercicio 2023 no relativo a subvencións nominativas municipais.

8. Visto o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión extraordinaria e urxente de 11.10.2023 relativo á aprobación do expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-07 e de modificación de subvención nominativa.

I. Normativa de aplicación.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 165, 168, 169 e 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 35, 36, 37 e 38.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, artigos 8, 9, 18, 20, 36, 37 e 38

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Bases 12^a, 13^a, 31^a e 33^a das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022, prorrogadas neste exercicio 2023.

II. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Preséntase este expediente de modificación do estado de gastos do capítulo IV para reflectir na relación de nominativas do exercicio 2023 o beneficiario real da actuación de interese municipal a subvencionar “carreira pedestre popular de Santiago de Compostela” que actualmente presenta outro beneficiario (Agrupación Deportiva El Correo Gallego), e precisa, en primeiro lugar, dun expediente de crédito extraordinario -baixo o expediente 2023-CREXT-07- de importe total 12.000,00 euros, financiado con baixas por anulación no crédito destinado inicialmente ao beneficiario actual, coa finalidade de darlle cobertura no crédito prorrogado do exercicio 2023. Isto é debido a que o certo é que a entidade EPI PRENSA SLU -con NIF B86754025 (actual propietaria da portada El Correo Gallego) é quen conta coa autorización federativa para a organización da proba denominada Carreira Pedestre Popular de Santiago – El Correo Gallego, segundo queda de manifesto na documentación que da lugar a este expediente.

A xustificación das necesidades é a seguinte:

Asunto 1. Expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-07 de importe total 12.000,00 euros para habilitación do crédito necesario que permitan recoñecer no orzamento a subvención nominativa para carreira pedestre popular de Santiago de Compostela, que figura recollida nos orzamentos de 2023 en virtude do acordado no Pleno extraordinario da Corporación de 9 de marzo, a favor da Agrupación Deportiva El Correo Gallego.

A anterior beneficiaria é unha entidade sen ánimo de lucro e a nova é unha sociedade mercantil, co que a regularización orzamentaria da axuda para a carreira pedestre, ademais dun cambio nominal do beneficiario, supón habilitar crédito nunha aplicación económica diferente da orixinalmente aprobada. En consecuencia, dase de baixa o crédito inicial e habilitase nunha nova aplicación económica que responda axeitadamente a este fin.

Unha vez analizado o informe proposta que forma parte do inicio do expediente e a documentación que figura no apartado de antecedentes do mesmo que dá soporte á solicitude de crédito extraordinario 2023-CREXT-07, segundo opinión da oficina orzamentaria, queda acreditada a especificidade e determinación do gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

O detalle da nova subvención nominativa de Deportes a recoñecer neste expediente é o seguinte:

Motivación	Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario	Crédito extraordinario 2023-CREXT-07
Modificación de subvención nominativa	EPI PRENSA SLU	B86754025	12.000,00

Esta habilitación de crédito extraordinario leva aparellada unha modificación plenaria do orzamento municipal do exercicio 2023 no sentido de reflectir esta subvención nominativa do departamento municipal de Deportes no estado de gastos do capítulo IV orzamento.

Asunto 2. Expediente de aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023, atendendo ao disposto nas bases 31 e 33 e execución do orzamento 2022, prorrogadas neste exercicio.

Coa prórroga orzamentaria, que tivo lugar a través do decreto 2022/15758, de 30 de decembro de 2022, da concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, prorrogouse o orzamento do exercicio 2022 ao 2023 axustando os créditos iniciais para servizos e programas que finalizaban no 2022 ou que estaban financiados con ingresos específicos ou afectados.

Con posterioridade, o Pleno da Corporación do Concello de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 9 de marzo de 2023, aprobou a modificación do estado de gastos do capítulo IV do orzamento municipal do exercicio 2023 no relativo a subvencións nominativas municipais, incluíndose nel a subvención nominativa con cargo a á aplicación 090 34100 4890002 a favor da Agrupación Deportiva El Correo Gallego (NIF G15380561) co obxecto de “Colaborar nos gastos pola organización da tradicional Carreira Pedestre Popular de Santiago de Compostela.

Así mesmo, a través deste procedemento modifícase a relación de entidades beneficiarias, importes máximos anuais e finalidades das subvencións nominativas no exercicio 2023, recollidos individualmente en cadansúa aplicación orzamentaria específica dos estados de gastos do capítulo IV do orzamento xeral do Concello para este exercicio 2023. En consecuencia, este expediente, de aprobación plenaria, segue tamén no que atinxe á subvención a mesma tramitación que a prevista na lexislación para a aprobación do orzamento municipal.

O detalle da proposta a aprobar neste expediente é o seguinte:

Org.	Prog.	Económica	CX	Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario	Importe 2023	Obxecto
090	34100	4890002	30	AGRUPACIÓN DEPORTIVA EL CORREO GALLEGO	G15380561	0,00	Colaborar nos gastos pola organización da tradicional Carreira Pedestre Popular de Santiago de Compostela
090	34100	4790002	30	EPI PRENSA SLU	B86754025	12.000,00	Colaborar nos gastos pola organización da tradicional Carreira Pedestre Popular de Santiago de Compostela

III. Financiamento da modificación orzamentaria.

Como recurso que financia este crédito extraordinario o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os créditos extraordinarios e suplementos de crédito poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso do desta proposta de crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación, por importe de 12.000,00 euros, do crédito dispoñible existente no orzamento actual destinado ao anterior beneficiario, sen que o dito cambio afecte ao funcionamento do servizo, segundo se manifesta no informe-proposta de cesión de crédito.

A nivel de resumo, o detalle das aplicacións que se minoran e financian o presente expediente modificativo de crédito é o seguinte:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
Descrición	Aplicación orzamentaria			Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación 090 34100 4790002	090	34100	4890002	12.000,00	12.000,00	0,00
TOTAL FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					12.000,00	

Neste sentido, e a nivel contable para recoñecer a existencia de crédito dispoñible que financia este expediente de crédito extraordinario, fíxose unha operación contable RC co número de operación 220230026238 e número de referencia 22023012857.

No relativo á modalidade de modificativo proposta -crédito extraordinario financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O crédito extraordinario financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar -baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas –na que se dota o crédito nos capítulos 4 de gasto e na que se declara a baixa no capítulo 4 de gastos- pertencen ao mesmo capítulo de gasto non financeiro polo que a modificación proposta mantén o equilibrio orzamentario global.

Establécese unha orde de aprobación nesta proposta de xeito que a aprobación da nominativa á entidade “EPI Prensa SLU” queda condicionada á entrada en vigor do crédito extraordinario proposto neste expediente.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno do Concello de Santiago de Compostela, que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario co número **2023-CREXT-07** con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de **DOCE MIL EUROS (12.000,00 euros)** coa finalidade de reflectir no estado de gastos do orzamento actual a consignación para o beneficiario real da actuación de interese municipal “realización da carreira pedestre popular de Santiago”, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN	CX	MC	IMPORTE
------------	------------	----	----	---------

Colaborar coa empresa EPI Prensa SLU nos gastos pola organización da tradicional Carreira Pedestre Popular de Santiago de Compostela	090 34100 4790002	30	CE	12.000,00
TOTAL NECESIDADES CX 30 DEPORTES A FINANCIAR CON BAIXAS POR ANULACIÓN				12.000,00

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

DESCRCIÓN	APLICACIÓN	CX	MC	IMPORTE
Colaborar nos gastos pola organización da tradicional Carreira Pedestre Popular de Santiago de Compostela	090 34100 4790002	30	CE	12.000,00
TOTAL 2023-CREXT-07				12.000,00

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
Descrición	Aplicación orzamentaria			Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación 090 34100 4890002	090	34100	4890002	12.000,00	12.000,00	0,00
TOTAL FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					12.000,00	

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	12.000,00 €
2.- Financiamento	
b) Baixas por anulación.....	12.000,00 €

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación do estado de gastos do capítulo IV do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2023, que recolle a relación de entidades beneficiarias relativas ás subvencións nominativas, importes máximos anuais e finalidades destas axudas no exercicio 2023, e que figuran recollidos individualmente en cadansúa aplicación orzamentaria específica co seguinte detalle:

Org.	Prog.	Económica	CX	Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario	Importe 2023	Obxecto
090	34100	4890002	30	AGRUPACIÓN DEPORTIVA EL CORREO GALLEG0	G15380561	0,00	Colaborar nos gastos pola organización da tradicional Carreira Pedestre Popular de Santiago de Compostela
090	34100	4790002	30	EPI PRENSA SLU	B86754025	12.000,00	Colaborar nos gastos pola organización da tradicional Carreira Pedestre Popular de Santiago de Compostela

A aprobación da nominativa á entidade “EPI PRENSA SLU” queda condicionada á entrada en vigor do crédito extraordinario proposto no apartado anterior.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario e de modificación do estado de gastos do capítulos IV do orzamento municipal do exercicio 2023, serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2023-CREXT-07, e de modificación do estado de gastos do capítulo IV do orzamento municipal do exercicio 2023, se contra él non se formulase ningunha reclamación, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma."

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario co número **2023-CREXT-07** con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de **DOCE MIL EUROS (12.000,00 euros)** coa finalidade de reflectir no estado de gastos do orzamento actual a consignación para o beneficiario real da actuación de interese municipal "realización da carreira pedestre popular de Santiago", financiado con baixas por anulación.

En resumo:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN	CX	MC	IMPORTE
Colaborar coa empresa EPI Prensa SLU nos gastos pola organización da tradicional Carreira Pedestre Popular de Santiago de Compostela	090 34100 4790002	30	CE	12.000,00
TOTAL NECESIDADES CX 30 DEPORTES A FINANCIAR CON BAIXAS POR ANULACIÓN				12.000,00

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN	CX	MC	IMPORTE
Colaborar nos gastos pola organización da tradicional Carreira Pedestre Popular de Santiago de Compostela	090 34100 4790002	30	CE	12.000,00
TOTAL 2023-CREXT-07				12.000,00

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
Descrición	Aplicación orzamentaria			Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación 090 34100 4890002	090	34100	4890002	12.000,00	12.000,00	0,00
TOTAL FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					12.000,00	

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
-----------	---------

1.- Total crédito extraordinario.....	12.000,00 €
2.- Financiamento	
b) Baixas por anulación.....	12.000,00 €

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación do estado de gastos do capítulo IV do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2023, que recolle a relación de entidades beneficiarias relativas ás subvencións nominativas, importes máximos anuais e finalidades destas axudas no exercicio 2023, e que figuran recollidos individualmente en cadansúa aplicación orzamentaria específica co seguinte detalle:

Org.	Prog.	Económica	CX	Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario	Importe 2023	Obxecto
090	34100	4890002	30	AGRUPACIÓN DEPORTIVA EL CORREO GALLEGO	G15380561	0,00	Colaborar nos gastos pola organización da tradicional Carreira Pedestre Popular de Santiago de Compostela
090	34100	4790002	30	EPI PRENSA SLU	B86754025	12.000,00	Colaborar nos gastos pola organización da tradicional Carreira Pedestre Popular de Santiago de Compostela

A aprobación da nominativa á entidade “EPI PRENSA SLU” queda condicionada á entrada en vigor do crédito extraordinario proposto no apartado anterior.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario e de modificación do estado de gastos do capítulos IV do orzamento municipal do exercicio 2023, serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2023-CREXT-07, e de modificación do estado de gastos do capítulo IV do orzamento municipal do exercicio 2023, se contra él non se formulase ningunha reclamación, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

5. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2023/00040834J. **RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL “BONIFICACIÓN CANON 2023 SOGAMA”.**

A proposta é do seguinte teor literal:

“A Xunta de goberno da cidade de Santiago de Compostela, na súa sesión do 2 de outubro de 2023 adoptou o seguinte acordo: “Bonificación canon 2023 Sogama.

Primeiro: Establecer o importe previsto de aforro no custo do canon Sogama como consecuencia da bonificación en 394.025,90 euros.

Segundo: Establecer a porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único bimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 5.1 da Ordenanza fiscal 3.16 en 34,58%.

Terceiro: Aplicar a porcentaxe de minoración aprobada no 6º bimestre de 2023.

Cuarto: Dar conta ao Pleno da corporación do acordo que se adopte, para a súa ratificación.”

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Ratificar o acordo “Bonificación canon 2023 Sogama”, adoptado pola Xunta de goberno local na sesión de data 2 de outubro de 2023.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

Ratificar o acordo “Bonificación canon 2023 Sogama”, adoptado pola Xunta de goberno local na sesión de data 2 de outubro de 2023.

A Alcaldesa pecha a sesión ás 09:10 horas. Dou fe.